Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

DILIXENCIA.- Se estende para facer constar que o expediente de contratación do que forma parte o presente Prego foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 14 de novembro de 2017.-

O SECRETARIO XERAL.-

Asdo: Javier Bouzada Romero.

PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO SUBMINISTRO DUN TRACTOR CON DESBROZADORA AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.-

ÍNDICE DE CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.-
SEGUNDA.- NATUREZA, RÉXIME XURÍDICO, ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.-
TERCEIRA.- PREZO DO CONTRATO E FINANCIAMENTO.
CUARTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.-
QUINTA.- PERFIL DO CONTRATANTE.-
SEXTA.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.-
SÉTIMA.- SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.-
OITAVA.- CRITERIOS DE SELECCIÓN.-
NOVENA.- MESA DE CONTRATACIÓN.-
DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E APERTURA DE OFERTAS.-
DÉCIMO PRIMEIRA.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.-
DÉCIMO SEGUNDA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-
DÉCIMO TERCEIRA.- REGRAS ESPECIAIS RESPECTO DO PERSOAL LABORAL DA EMPRESA CONTRATISTA.-
DÉCIMO CUARTA.- OBRIGAS DO CONTRATISTA TRAS O ASINAMENTO DO CONTRATO.-
DÉCIMO QUINTA.- PRAZO DE GARANTÍA
DÉCIMO SEXTA.- DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN.-
DÉCIMO SÉTIMA.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-
ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA.-
ANEXO II.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.-
ANEXO III.- MODELO DE ACEPTACIÓN DE FORMA DE NOTIFICACIÓN.-
ANEXO IV.- MODELO DE OFERTA ECONÓMICA.-

PRIMEIRA.- OBXECTO.-

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

1.1. O obxecto do contrato ó que se refire este prego é o subministro ao concello de Vilanova de Arousa dun tractor con desbrazadora.

1.2. As características técnicas do tractor con desbrozadora que se pretende adquirir polo concello están reflectidas no prego de condicións técnicas.

1.3. Tanto o dito prego de condicións técnicas como o presente prego de cláusulas económico-administrativas particulares revisten a todos os efectos carácter contractual.

SEGUNDA.- NATUREZA, RÉXIME XURÍDICO, ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.-

2.1. O presente contrate ten a natureza de contrato administrativo de subministro. (Código 34144400-2 da CPV).

2.2. En todo o non previsto neste prego, no prego de condicións técnicas ou no contrato que se formalice, estarase ó disposto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, (en adiante **TRLCSP) e**, no que sexa aplicable, no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en adiante, RXLCAP) en todo o que non contradiga o TRLCSP e en toda a demais normativa aplicable.

2.3. O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos ou dos documentos anexos que fan parte deste non eximirá ó contratista da obriga do seu cumprimento.

2.4. O contratista acepta de forma expresa a submisión aos pregos e á lexislación anteriormente dita. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

2.5. O órgano de contratación será a Xunta de Goberno Local do concello de Vilanova de Arousa en exercicio das competencias que ten delegadas polo Decreto da Alcaldía do 15 de xuño de 2015 ao non superar o investimento o 10 % dos recursos ordinarios da última liquidación de orzamento aprobada correspondente ao ano 2017.

2.6. As cuestións litixiosas que xurdan sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas polo órgano de contratación, cuxas resolucións esgotarán a vía administrativa deixando expedita a vía xurisdicional, contencioso-administrativa, a teor do disposto na lei reguladora desta xurisdición.

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

2.7. Neste contrato non procede a subcontratación.

TERCEIRA.- PREZO DO CONTRATO E FINANCIAMENTO.-

3.1. O orzamento tipo de licitación do contrato será o seguinte:

Prezo :	50.000,00
21 % IVE	10.500,00
TOTAL	60.500,00

3.2. No orzamento tipo de licitación se inclúen todos os factores de valoración e gastos que, segundo os documentos contractuais e a lexislación vixente son de conta do adxudicatario, así como os tributos de calquera índole.

3.3. As proposicións que se presenten superando o orzamento tipo de licitación serán desbotadas automaticamente.

3.4. O contrato financiarase integramente con cargo á subvención concedida ao concello de Vilanova de Arousa dentro do Plan Concellos 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra por acordo da súa de Goberno Local de data 18 de xullo de 2017.

3.5. A aplicación do orzamento prorrogado do concello de Vilanova de Arousa para o ano 2017 que financia o investimento e a seguinte: 1530/62400.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.-

O contrato adxudicarase por procedemento aberto atendendo a un solo criterios de adxudicación de acordo co disposto no artigo 150.1., parágrafo segundo, do TRLCSP. A tramitación do expediente será a ordinaria.

QUINTA.- PERFIL DO CONTRATANTE.-

5.1. Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade nos casos esixidos polo TRLCSP o concello de Vilanova de Arousa difundirá, a través da súa paxina web www.vilanovadearousa.com, e dentro do apartado do perfil do contratante, todas as noticias, avisos e documentación relativos a este contrato de acordo co establecido no artigo 53 do TRLCSP.

5.2. O prego de condicións técnicas e o presente prego de cláusulas Económico-administrativas particulares xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Vilanova de

Praza do Concello, nº 1 rexistro.xeral@vilanovadearousa.com Tfnos.: 986 554 021
36620 Vilanova de Arousa www.vilanovadearousa.com 986 554 082
Pontevedra 986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Arousa, ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres, agás festivos, en horario de 9:00 a 14:00 horas. Ademais dito prego técnico e o presente prego de cláusulas administrativas particulares deberán publicarase no perfil do contratante do órgano de contratación, así como a adxudicación do contrato.

5.3. O adxudicatario do contrato quedará obrigado a satisfacer os gastos que se deriven da publicación do anuncio de licitación e de adxudicación no BOP.

SEXTA.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.-

6.1. Poderán concorrer a esta licitación por si ou por medio de representantes autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que, ademais, acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional e non se atopen incursas nunha prohibición de contratar (artigo 60 do TRLCSP).

6.2. A efectos desta licitación os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal de empresas (UTE) deberán indicar os nomes e demais circunstancias nas que constitúan a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de se constituír formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.

A duración das unións temporais de empresarios coincidirá coa do contrato ata a súa extinción. Estas empresas serán responsables solidarias ante a Administración, debendo nomear ante ela a un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que se deriven do contrato ata a extinción deste, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagamentos dunha contía significativa.

SÉTIMA.- SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.-

7.1. O órgano de contratación deberá publicar o anuncio de licitación na forma prevista no artigo 142 do TRLCSP no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) e no perfil do contratante da páxina web do concello www.vilanovadearousa.com abrindo o prazo para a presentación de solicitudes de participación.

7.2. O prazo de presentación das instancias será de quince (15) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no BOP nos

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA · PONTEVEDRA ·

termos previstos no artigo 159.2 do TRLCSP. Sen prexuízo do anterior o órgano de licitación publicará o dito anuncio, o presente prego e o prego de condicións técnicas no seu perfil do contratante con anterioridade á publicación no BOP, sen que se abran os prazos de presentación de solicitudes.

7.3. As solicitudes de participación presentarase no Rexistro Xeral do Concello sito na Praza do Concello n.º 1 de Vilanova de Arousa, CP 36620, en horario de 9:00 a 13:30, de luns a venres, agás festivos.

7.4. Igualmente poderán presentarse por correo; nas Subdelegacións do Goberno e nos rexistros públicos da Xunta de Galicia, sen que sexa válida a presentación noutros rexistros ou dependencias municipais de Vilanova de Arousa, ou doutras Administracións Públicas Locais.

7.5. De conformidade co sinalado no artigo 84 do RXLCAP, para o caso de presentación de proposicións a través dos órganos relacionados no apartado anterior, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación o mesmo día no que se presente, mediante fax ao número 986.55.40.69 a remisión da solicitude de participación. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a solicitude. Transcorridos, non obstante, cinco días naturais desde a indicada data, sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

7.6. Cada licitador non poderá presentar máis dunha solicitude de participación, nin subscribir ningunha solicitude en unión temporal con outros empresarios si xa o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. O incumprimento desta prohibición dará lugar á non admisión de tódalas solicitudes por el subscritas ou nas que figure.

7.7. A presentación da solicitude supón, por parte do candidato, a aceptación incondicional de todas as cláusulas dos pregos sen salvedade algunha.

7.8. Carecendo o concello de Vilanova de Arousa de sede electrónica e de rexistro electrónico, as solicitudes de participación presentaranse en soporte papel nunha instancia dirixida ao órgano de contratación asinada polo solicitante conforme ao seguinte modelo **ANEXO I** do presente prego.

7.9. Xunto coa instancia presentaranse, aparte, dous sobres pechados e asinados polo solicitante co seguinte contido:

SOBRE «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA: este sobre deberá incluír:

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

a) Documentos que acrediten a representación da persoa que asine a oferta:

a.1. Cando o licitador fose unha persoa física, a persoa que asine a oferta presentará copia do seu DNI, ou do seu pasaporte, ou autorización de residencia e traballo no seu caso (ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros).

a.2. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán:

--Fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu DNI.

--Acreditación da súa representación por calquera dos seguintes medios:

--Copia notarial do poder de representación. Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa exixible legalmente.

--Presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores i Empresas Clasificadas do Estado ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia regulado por Decreto 262/2001, do 20 de setembro (D.O.G. n.º 200 do 16 de outubro de 2001), sempre e cando o dito certificado inclúa o apoderamento. Este documento poderá ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos pola Administración Pública competente.

b) Declaración responsable subscrita pola persoa que firme a proposición, de acordo co modelo que consta como **ANEXO II** deste prego.

c) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación no modelo que consta como **ANEXO III.**

SOBRE «B»: OFERTA ECONÓMICA: neste sobre incluirase:

--A oferta económica, que deberá presentarase conforme ao modelo que consta no **ANEXO IV** deste prego.

--A documentación do tractor e da desbrozadora que se oferta conforme se relaciona no Prego Técnico.

OITAVA.- CRITERIOS DE SELECCIÓN.-

A puntuación máxima alcanzable na licitación será de 10,00 puntos que se aplicarán atendendo como único criterio de selección ao mellor prezo que constitúa a oferta económica mais favorable para o concello.

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

A dita puntuación máxima alcanzable se asignará ao licitador que ofreza o menor prezo distribuíndose a puntuación entre as restantes ofertas de xeito proporcional aplicando unha regra de tres inversa.

Outorgaranse 0 puntos ás empresas que oferten o prezo tipo de licitación sen ofertar baixa.

NOVENA.- MESA DE CONTRATACIÓN.-

9.1. A Mesa de Contratación será o órgano administrativo que cualificará os documentos achegados e procederá en acto público, á apertura de proposicións elevando a acta coa súa proposta de adxudicación ao órgano de contratación. Nos termos establecidos no punto 10 da Disposición Adicional 2ª do TRLCSP estará composta polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Javier Bouzada Romero, Secretario Xeral do concello.

SECRETARIO: Magdalena Méndez Suárez, Técnico de Administración Xeral.

VOGAIS:

--Luis Taboada Hervella, Interventor Xeral do concello.

--Susana Serantes Álvarez, Tesoureira accidental do concello.

--Miguel Ángel Martínez Del Valle, Arquitecto Técnico Municipal.

9.2. Calquera modificación na composición da Mesa será acordada por Resolución da alcaldía e publicada no perfil do contratante.

9.3. De conformidade co disposto no parágrafo segundo do artigo 150.2 do TRLCSP a Mesa de Contratación solicitará, antes de formular a súa proposta de adxudicación, un informe técnico emitido por un Enxeñeiro Industrial no que se verifique que a oferta economicamente máis vantaxosa cumpre coas especificacións do prego de prescricións técnicas.

Para a emisión deste informe poderase visualizar polo técnico informante o tractor e a desbrozadora, quedando obrigados os ofertantes a permitir dita inspección so pena de seren excluídos da licitación.

DÉCIMA .- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E APERTURA DE OFERTAS.-

10.1. Unha vez que remate o prazo de presentación das ofertas a Mesa de Contratación, examinará a documentación contida no sobre A e proporá a admisión ou o rexeite, no seu caso, dos licitadores presentados.

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

10.2. Si a Mesa observara defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, o comunicará aos interesados mediante correo electrónico. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias sinaladas faranse públicas a través da páxina web do concello www.vilanovadearousa.com, dentro do perfil do contratante, e concederase un prazo non superior aos tres (3) días hábiles, para que o licitador corrixa ou subsane o erro ante a propia Mesa de Contratación, baixo apercibimento expreso de exclusión da licitación no caso contrario.

10.3. O acto de apertura das proposicións económicas (sobre B) se celebrará no lugar, día e hora que se sinale nun acto público que se anunciará na páxina web do concello www.vilanovadearousa.com, dentro do perfil do contratante, cun mínimo de tres (3) días hábiles de antelación a súa celebración.

10.4. A celebración deste acto poderá coincidir coa xuntanza da Mesa de Contratación a que fai referencia o parágrafo primeiro desta cláusula . Para o caso que algún ou varios licitadores non presentaran correctamente toda a documentación, tamén se procederá á apertura das proposicións económicas que presenten, si ben a admisión da súa proposta será condicionada para aquel licitador que teñan que completar ou subsanar a documentación presentada consonte o disposto no apartado 2 da presente cláusula.

10.5. De conformidade co disposto no artigo 160.1 TRLCSP apertura das proposicións deberá efectuarse no prazo máximo de 15 días contados desde a data de remate do prazo para presentar as ofertas.

10.6. Trala apertura das proposicións económicas e en sesión non pública a Mesa procederá ó calculo da puntuación que corresponde a cada proposta aplicando o criterio de adxudicación establecido na cláusula 11ª deste prego e clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas.

Para o caso de que aplicando os criterios de adxudicación resulte un empate, a Mesa convocara aos licitadores empatados para realizar un sorteo ó chou.

10.7. Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do prezo de licitación nos pregos, variara substancialmente o modelo establecido ou comportase error manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola Mesa en resolución motivada.

A Mesa poderá acordar motivadamente, propoñer ó órgano de contratación o rexeitamento das proposicións inicialmente admitidas sempre e cando a

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

documentación administrativa ou económica que presenten variasen as previsión dos pregos. Desta circunstancia darase coñecemento inmediato ó licitador.

10.8. De todo o actuado deixarase constancia documental no expediente estendéndose ó efecto a correspondente acta.

10.9. Antes de formular a proposta de adxudicación deberase incorporar ao expediente o informe a que se refire a cláusula 9.3 do presente Prego no que se acredite que o tractor e desbrozadora da mellor oferta económica entre as admitidas na licitación cumpre con todos os requisitos técnicos esixidos ao respecto no prego de prescricións técnicas. Se no dito informe se advertise algún defecto formal nas condicións técnicas da oferta susceptible de seren subsanado , se lle concederá ao oferetante un prazo de tres (3) días hábiles para a súa subsanación.

Para o caso de que a oferta economicamente mais vantaxosa non cumprise en todo ou en parte o dito prego e así se acredite no informe, a Mesa de Contratación excluirá a dita oferta da licitación e recabará o mesmo informe respecto á segunda oferta mellor cualificada e así sucesivamente.

10.10. A proposta de adxudicación elevada pola Mesa ao órgano de contratación, non creará ningún dereito a favor do adxudicatario fronte ao concello.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.-

11.1. Cando o órgano de contratación, presuma fundadamente que unha ou varias proposicións non poden ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará, a través de escrito da Alcaldía, esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de tres (3) días hábiles xustifiquen a súa oferta económica achegando a documentación xustificativa que estimen conveniente.

11.2. Considerarase en principio, como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición, en relación co prezo ofertado, cuxo porcentaxe exceda en dez unidades, polo menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións achegadas e admitidas, sendo criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou temerario da baixa unha adecuada xustificación do prezo ofertado.

11.3. De conformidade co artigo 85.2 do RXLCAP, no suposto de que so concorran dous licitadores, considerarase desproporcionada ou temeraria a oferta que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

11.4. A xustificación realizada por ditos licitadores será informada en todo caso polo técnico a que fai referencia a cláusula 9.3 do presente prego. En función do dito informe a Mesa de Contratación admitirá a oferta ou proporá ao órgano de contratación o seu rexeitamento por dito motivo.

DÉCIMO SEGUNDA.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.-

12.1. Unha vez recibida a proposta da Mesa, o órgano de contratación, a través dun escrito asinado polo seu presidente -o Alcalde-, requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez (10) días hábiles (art. 151.2. do TRLCSP), a contar desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación cun índice de documentos que a integran na primeira folla:

A) DE CARÁCTER ECONÓMICO.-

a) Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Axencia Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Xunta de Galicia.

b) Xustificante de non ter débedas co Concello de Vilanova de Arousa expedido polo ORAL.

c) Xustificante de ter aboado os gastos do anuncio de licitación.

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

B) DE CARÁCTER ADMINISTRATIVO.-

a) Documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar das empresas.-

a.1. Empresario individual.- Copia compulsada, notarial ou administrativamente, do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

a.2. Persoas xurídicas.-

--Escritura de constitución ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fóra: escritura ou documento de constitución de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA · PONTEVEDRA ·

-- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada, notarial ou administrativamente.

a.3. Empresas comunitarias.- A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

a.4. Empresas non españolas de estados signatarios do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).- A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

a.5. Empresas non comunitarias.-

-- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar co informe da Misión Diplomática Permanente de España no estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

-- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga.

Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois. As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que lle pódese corresponder ao licitante.

Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España. Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España coa designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que este inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 65 do TRLCSP).

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

b) Poder a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro. Este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil.

c) Acreditación de solvencia económica e financeira e técnica e profesional.-

Nos termos previstos no artigo 75.1. TRLCSP a solvencia económica e financeira deberá acreditarse por algún dos seguintes medios: volume de negocios, en función do disposto no artigo único do Real Decreto 773/2015, de 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

No relativo á solvencia técnica e profesional, estarase ao disposto no apartado 4 b) do artigo 11 do Regulamento da Lei na redacción dada polo Real Decreto 773/2015.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do reflectido en él e agás proba en contrario, as condicións de solvencia técnica, económica e financeira do empresario.

c.4. Especialidades de solvencia en relación coas UTE.- Cada un dos empresarios que a compoñan deberán acreditar a súa capacidade de obrar e solvencia, conforme cos apartados anteriores. En todo caso, aos efectos de acreditar a solvencia económica e financeira, e técnica,permitirase a acumulación sempre que todas e cada unha das empresas que integran a unión temporal, acrediten ter executados contratos do mesmo tipo.

d) Unións temporais de empresas.- Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

12.2. **REXISTRO DE CONTRATISTAS.-** Como alternativa á presentación da documentación reflectida no apartado anterior e de acordo co disposto no artigo 83 do TRLCSP, a documentación de carácter económico xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia, así como a documentación administrativa requirida nos apartados a.1), a.2), b) e c) desta cláusula poderá substituírse pola presentación do certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores i

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA
PONTEVEDRA

Empresas Clasificadas do Estado ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia regulado por Decreto 262/2001, do 20 de setembro (D.O.G. n.º 200 do 16 de outubro de 2001), sempre e cando o dito certificado inclúa os anteditos datos, e sempre que se acompañe a dita certificación a seguinte documentación:

--Unha declaración responsable na que o licitador manifeste que as circunstancias contidas na certificación presentada non variaron (art.146.3-TRLCSP).

--Unha fotocopia compulsada do DNI da persoa que presenta a oferta.

--Ademais deberán axuntarse os xustificantes a que se refiren os apartados b) e c) da documentación económica.

12.3. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

12.4. O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos dez (10) días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no presente prego.

12.5. A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores por correo electrónico e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer, conforme ao artigo 40 do TRLCSP, recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

DÉCIMO TERCEIRA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-

13.1. O contrato deberá formalizarse en documento administrativo constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato, cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación, en especial do prego de condicións técnicas.

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

O adxudicatario deberá asinar en todas as súas follas un exemplar do presente prego de cláusulas económico-administrativas particulares e do prego de condicións técnicas.

13.2. A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince (15) días hábiles seguintes a aquel en que o adxudicatario reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151.4 (156.3) do TRLCSP.

13.3. Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, excepto nos casos previstos no artigo 113 do TRLCSP.

13.4. A formalización do contrato se publicará no BOP e no perfil do contratante, correspondendo ao contratista o abono do anuncio no BOP.

DÉCIMO CUARTA.- OBRIGAS DO CONTRATISTA TRAS O ASINAMENTO DO CONTRATO.-

14.1. Nos termos do artigo 297.1 do TRLCSP o adxudicatario queda obrigado a entregar ao concello o tractor e da desbrazora en perfectas condicións de uso e con toda a súa documentación en regra no prazo dos 15 días naturais seguintes a aquel en que se formalice o contrato.

Do acto da entrega do tractor e da desbrazadora levantarase unha acta que subscribirá un representante da empresa adxudicataria e un representante do concello, quedándose cun exemplar orixinal cada un deles.

Nos termos previstos no artigo 297.2 do TRLCSP, se o tractor e/ou a desbrozadora non se atopasen en estado de ser recibidos farase constar así no acta de recepción e polo concello daranse as instrucións precisas ao contratista para que subsane os defectos observados de conformidade co pactado.

14.2. De conformidade co disposto na Base 15ª das Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS) 2017 publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 249 de data 30 de decembro de 2016, o adxudicatario deberá pegar nun sitio visible do tractor e a desbrozadora un adhesivo normalizado co logotipo da Deputación e que inclúa o financiamento outorgado.

14.3. Facturación electrónica.- Será de aplicación o disposto na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

O destinatario que deberá constar na correspondente factura será a Alcaldía. O servizo administrativo da Corporación que xestionará o gasto será a Intervención Xeral, correspondéndolle a xestión do pago á Tesourería municipal e a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.

O Código de facturación electrónica (FACE) das ditas unidades administrativas é o seguinte: L01360617.

DÉCIMO QUINTA.- PRAZO DE GARANTÍA.-

Establécese un prazo de garantía de 1 ano a contar desde a data de recepción do obxecto do contrato. Para o caso de existiren vicios ou defectos do tractor e/ou da desbrozadora durante o prazo de garantía estarase ao disposto no artigo 298 do TRLCSP.

DÉCIMO SEXTA.- DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN.-

A documentación incluída no sobre A dos licitadores que non resultasen adxudicatarios poderá ser retirada por eles mesmos, previo aviso á Secretaría Xeral do concello de Vilanova de Arousa mediante escrito ordinario presentado no seu rexistro xeral unha vez transcorridos tres meses contados desde o día seguinte á notificación do acordo de adxudicación ós licitadores e durante o prazo de 30 días naturais, salvo que o concello considere oportuno retela no suposto de que se interpuxesen reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa.

Transcorridos os prazos anteriormente mencionados o concello esta disporá da dita documentación quedando exenta de toda responsabilidade.

DÉCIMO SÉTIMA.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-

O contrato poderá resolverse por calquera das causas de resolución enumeradas no artigos 299 e cos efectos previstos no artigo 300 do TRLCSP.

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA · PONTEVEDRA

ANEXO I.-

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN TRACTOR CON DESBROZADORA AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.-

Nota.- ESTA INSTANCIA DEBERÁ VIR ACOMPAÑADA DOS DOUS SOBRES A E B, NON PODENDO SER INTRODUCIDA EN NINGÚN DELES.

Don/Dona_____, con domicilio en _____, provincia de _____, rúa_____n.º ____, con DNI n.º :_____, actuando en nome propio / ou en representación da empresa_____, con CIF n.º_____ e domicilio social na rúa_____n.º____ da cidade de_____, e co correo electrónico _____, á cal represento en calidade de (administrador/ apoderado/ representante legal/, ou o que corresponda), ante o órgano de contratación **DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN TRACTOR CON DESBROZADORA AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.-**

SOLICITO

A admisión no dito expediente de contratación.

Lugar, data e sinatura

Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.

PRAZA DO CONCELLO Nº 1

36620 VILANOVA DE AROUSA (PONTEVEDRA)

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA · PONTEVEDRA ·

ANEXO II.-

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA CONTRATAR ESTABLECIDAS NO ARTIGO 60 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO APROBADO MEDIANTE REAL DECRETO LEXISLATIVO 3/2011, DO 14 DE NOVEMBRO.

Don/dona_____, con domicilio en _____, provincia de _____, rúa_____n.º ____, con DNI n.º :_____, actuando en nome propio / ou en representación da empresa_____, con CIF n.º_____ e domicilio social na rúa_____n.º____ da cidade de_____, á cal represento en calidade de (administrador/ apoderado/ representante legal/, ou o que corresponda), ante o órgano de contratación **DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN TRACTOR CON DESBROZADORA AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.-**

DECLARO RESPONSABLEMENTE

Que nin o asinante desta declaración, nin a persoa xurídica á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incursos en ningunha das prohibicións para contratar definidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, non concorrendo en consecuencia, circunstancia algunha das descritas no indicado precepto.

Así mesmo e de forma expresa, faise constar que a persoa xurídica á que represento se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria e coa Xunta de Galicia, que non ten débeda algunha coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e co concello de Vilanova de Arousa e que posúe a clasificación de contratista esixida para participar nesta licitación.

E para que conste e xurda os efectos oportunos, expídese e asina a presente declaración, en _____, a ___ de _____ de 2017.

(sinatura do representante e selo da empresa)

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA · PONTEVEDRA ·

ANEXO III

MODELO DE ACEPTACIÓN DE FORMA DE NOTIFICACIÓN.-

<<D/Dª ....., no seu propio nome (ou na representación da empresa .....), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Concello de Vilanova de Arousa no **EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN TRACTOR CON DESBROZADORA AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA,** se realicen mediante o seu envío ao correo electrónico:.....

En ....., ... de ..... de 2017.-

O licitador, >>

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra
rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com
Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

ANEXO IV.-

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA PARA EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUN TRACTOR CON DESBROZADORA AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA.-

D....., co D.N.I. nº:.....; actuando en nome propio / en representación da entidade.....tendo coñecemento do procedemento tramitado polo Concello de Vilanova de Arousa para a CONTRATACIÓN **DO SUBMINISTRO DUN TRACTOR CON DESBROZADORA AO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA** e sabedor do prego de condicións técnicas e do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que compoñen o expediente de contratación, fai constar expresamente que:

1. Acepta tomar parte na dita licitación de acordo coas condicións previstas polo Concello de Vilanova de Arousa.

2 Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de condicións técnicas e mailo prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexen a contratación aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos nos documentos indicados, sen excepción.

3. Comprometese e obrigase expresamente a presentar no Rexistro Xeral do Concello e dentro do prazo establecido neste prego, a documentación necesaria para a súa adxudicación.

4. Que se compromete á execución do contrato nas seguintes condicións :

PREZO QUE OFERTA: (EN LETRA E NÚMERO).

Prezo :

21 % IVE:

TOTAL:

5.- **Xunta á presente oferta a seguinte documentación:**

A) DESCRICIÓN DAS CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO TRACTOR E DESBROZADORA FACENDO REFERENCIA A TODOS OS APARTADOS QUE APARECEN NO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS.

A.1. DO TRACTOR

A.2. DA DESBROZADORA

Concello de
Vilanova de Arousa
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

rexistro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

B) FOTOCOPIA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AO TRACTOR E A DESBROZADORA ESIXIDA NO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS.

B.1. DO TRACTOR

B.2. DA DESBROZADORA

En ....., ... de ..... de 2017.-

O licitador, >>